

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR SAN JOSÉ 36006675
CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
DATA: 05/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

A modo de introducción é importante mencionar que os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Resulta imprescindible unha estreita colaboración entre os docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza.

As competencias clave que se traballan nesta área son as sete mencionadas no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia** :

- Competencia en comunicación lingüística . (CCL)
- Competencia en comunicación matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia en aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	<p>CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.</p> <p>CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións</p>
B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	<p>CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.</p> <p>CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.</p> <p>CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.</p>
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	<p>CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.</p> <p>CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.</p>
B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	<p>CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.</p> <p>CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.</p>

	CNB3.1.3. Amona condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.
B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: avaliarase ao alumnado seguindo as avaliacións do primeiro e do segundo trimestre, de maneira continua e global.</p> <p>Teráse en conta a actitude de motivación e esforzo sempre en positivo e a implicación no proceso de ensino-aprendizaxe, ademais da evolución dende a avaliación inicial ao principio de curso e a observación directa e sistemática a través das actividades realizadas polo alumnado na aula durante os dous trimestres anteriores, os resultados das probas escritas, a consecución das competencias clave, resultados obtidos da realización de proxectos de aula ou traballos en equipo e revisión do caderno.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Rúbrica de consecución de competencias clave. -Probas escritas. -Caderno individual. -Traballos ou proxectos. -Exposicións ou investigacións.
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Avaliación global e continua, realizando una media realizada entre os resultados obtidos a través dos instrumentos de avaliación tendo en conta as habilidades, destrezas e actitudes.</p> <p>Valorarase en positivo a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa de maneira non presencial.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>-Propóñense a diario actividades de repaso dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial. Serán exclusivamente dos contidos que o/a tutor/tutora considere que a maioría dos/as alumnos/as chegasen a interiorizar e comprender correctamente.</p> <p>-Para a minoría que se considere que os contidos básicos aos que nos referimos anteriormente non os interiorizou, proporáanse actividades de reforzo.</p> <p>-Visualización de vídeos explicativos e lúdicos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía será activa e participativa, potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).
Materiais e recursos	<p>Recursos materiais: imprimibles, descargables, audiovisuais.</p> <p>Recursos humanos: profesorado de aula (titores/as e especialistas) e Profesorado de PT e AL (de ser necesario).</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> -Blog de aula -Blog do centro -E-mail -Aplicacións como WhastApp
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> -Blog do centro -Paxina web do centro